


Tema 5.- Tempo e espazo na historia.

- 1. A división da historia**
- 2. As fontes históricas**
- 3. O tempo na historia: anos e séculos**

1. A división da historia

Para estudar o pasado da humanidade, divídese o tempo en etapas:

- **PREHISTORIA:** abrangue desde a aparición do ser humano (hai uns 2 millóns de anos) ata a aparición da escritura (en torno ao 3.300 a.C.).
- **IDADE ANTIGA:** abrangue desde a aparición da escritura (3.300 a.C.) até a caída do Imperio Romano de Occidente no século V (ano 476 d.C.). É a época das grandes civilizacións (Exipto, Grecia, Roma...)
- **IDADE MEDIA:** abrangue desde o século V até o século XV, co descubrimento de América no ano 1.492.
- **IDADE MODERNA:** abrangue desde o século XV até o século XVIII, cando se produciron a Revolución Francesa, no ano 1.789.
- **IDADE CONTEMPORÁNEA:** comeza no século XVIII e chega até os nosos días.



Os puntos que marcan o paso dunha idade a outra son feitos ou procesos de grande transcendencia, tal como a invención da escritura (fin da Prehistoria). Malia isto debemos ter presente que esta clasificación está feita polos historiadores para tentar organizar o estudo da historia, pero non é “real”. Por exemplo, un habitante de Roma, ao día seguinte da fin do Imperio, non era consciente de que pasara de ser “antigo” a ser “medieval.”

2. As fontes históricas

A **historia** ocúpase do estudo do ser humano no tempo, atendendo a súa dimensión política, económica, social, cultural... e emprega para iso as **fontes históricas**.

Unha **fonte histórica** é calquera elemento que ofrezca información sobre as actividades humanas no pasado. Pódense clasificar en función de distintos criterios:

- Segundo a súa natureza: poden ser **fontes escritas** (libros, cartas, contratos...), **fontes materiais** (restos arqueolóxicos) ou **fontes orais** (testemuñas de persoas relacionadas cun feito ou época histórica).

- Segundo a súa orixe: poden ser primarias ou secundarias. As **fontes primarias** son as que proceden directamente do momento que se está a estudar (restos arqueolóxicos, documentos da época) e as **secundarias** son as que non proceden directamente do momento que se estuda, senón que son posteriores (obras de historiadores, interpretacións de arqueólogos sobre restos arqueolóxicos...)

3. O tempo na historia: anos e séculos

Pensa no ano e no século que naciches, verás como por un lado visualizas un número árabe (2011) e por outro un número romano (século XXI).

Este uso de números árabes para os anos e romanos para os séculos é básico cando nos movemos na historia. Ademais, debemos ter presente que, desde a nosa perspectiva occidental, sitúase o nacemento de Xesús de Nazaret como eixo que cambia o cómputo cronolóxico, habendo así anos e séculos **antes de Cristo (a. C.)** e **despois de Cristo (d. C.)**. Pero moito ollo, **non existe o ano 0**; isto é, pasamos do 1 a.C ao 1 d. C., co que o século I d. C comeza no ano 1 d. C e remata no 100 d. C, sendo o ano 101 d.C o primeiro ano do século II. Así sucede con todos os séculos.